



Premio Cineuropa para Ana Belén, actriz, cantante e un referente para varias xeracións

- A actriz e cantante recibirá a súa homenaxe no Teatro Principal ás 20 h. deste sábado 5 de novembro.

Santiago de Compostela, 4 de novembro do 2022.-

Con dúzias de discos, obras teatrais e películas ás súas costas, Ana Belén (Madrid, 1951) é unha das persoas que marcou a vida cultural e política en España nas últimas décadas, compatibilizando desde o comezo da súa carreira profesional a música, o teatro, a televisión e o cinema. A súa longa traxectoria é un percorrido pola historia recente destas disciplinas, repleta de fitos que a converteron nun referente para varias xeracións.

Desde moi pequena sentiu unha vocación artística e por iso, ao mesmo tempo que estudaba solfexo e piano, comezou a inscribirse en concursos radiofónicos infantís. En 1964 xa era coñecida nas emisoras de radio como unha nova nena prodixio, co nome de Mari Pili Costa, ao estilo de Rocío Dúrcal ou Marisol. Pronto empezou a traballar de forma fixa en Radio Madrid para cubrir un oco que deixara Rocío Dúrcal, ata que a produtora Época Films se interesou por ela para rodar catro películas musicais infantís.

Sendo unha adolescente, en 1966, interpretou a primeira de moitas obras na compañía do Teatro Español. A finais dos anos sesenta, comeza a traballar en Televisión Española con pequenas aparicións en Estudio 1, nas que chegou a colaborar con profesionais da cultura española como a cineasta Pilar Miró, con quen filmou *A pequena Dorrit*.

En 1970 regresou ao mundo do cinema con *Españolas en París*, de Roberto Bodegas e a partir de aí comezou unha longa e frutífera traxectoria cinematográfica, con títulos como *Morbo* e *Al diablo, con amor* (Gonzalo Suárez, 1972 e 1973 respectivamente) ou *Separación matrimonial* (Angelino Fons, 1973). Seguíronlle películas con Jaime de Armiñán (*El amor del capitán Brando* en 1974, e *¡Jo, papá!* en 1975), Pedro Olea (*Tormento*), Eloy de la Iglesia (*La criatura*, 1977), Pilar Miró (*La petición*, 1976) ou José Luis García Sánchez (*Emilia, parada y fonda* en 1976 e *Sonámbulos* en 1978).

A década dos 80 comezou coándose nos fogares a través da serie de televisión *Fortunata y Jacinta*. Seguíronlle títulos indispensables do noso cinema como *La colmena* (1982) e *La casa de Bernarda Alba* (1987), ambas as dúas de Mario Camus; *Demonios en el jardín* (1982) de Manuel Gutiérrez Aragón; *La corte de Faraón* (1985), *Divinas palabras* (1987) e *El vuelo de la paloma* (1989), de Jose Luis García Sánchez; e *Sé infiel y no mires con quien* (1985), de Fernando Trueba.

En 1991 estreouse como directora adaptando a obra de Carmen Rico Godoy *Cómo ser mujer y no morir en el intento*, que se converteu no filme español de maior recadación dese ano protagonizado por Carmen Maura e Antonio Resines. Nesa mesma década protagonizou títulos como *Rosa, rosae* (1993), de Fernando Colomo; *La pasión turca* (1994) e *Libertarias* (1996), ambas as dúas de Vicente Aranda; ou *El amor perjudica seriamente la salud*, filme que Manuel Gómez Pereira dirixiu en 1996 e que acompañará á homenaxe a Ana Belén en Cineuropa. Xa no novo milenio interveu, xunto a Cecilia Roth, en *Antigua vida mía*, dirixida por Héctor Olivera en 2001; en *Cosas que hacen que la vida valga la pena* (2004) de Gómez Pereira; na secuela de *La niña de tus ojos*, de Fernando Trueba, titulada *La reina de España* (2016), e

CINEUROPA - COMPOSTELA CULTURA

Comunicación: Míriam Louzao
981 552 290 | 618 948 576
comunicacion@cineuropa.gal
compostelacultura.gal
cineuropa.gal

AUDITORIO DE GALICIA
TEATRO PRINCIPAL
ZONA C. PUNTO DE
INFORMACIÓN CULTURAL





tamén puxo voz, entre outras narradoras ao documental *Las cartas perdidas*, de Amparo Climent, que forma parte da sección Docs Cineuropa desta edición.

Todo isto compatibilizando cinema, música e teatro en todo momento. Foi nomeada Caballero da Orde das Artes e Letras francesas en 1986, Medalla de Ouro da Academia en 1995 e Medalla de Ouro ao mérito nas Belas Artes en 2007, Ana Belén optou cinco veces aos Goya, catro a mellor actriz protagonista e unha como directora novel. En 2017 recibiu, por fin, ou Goya de honra. Outros premios no seu haber son tres Ondas, seis Fotogramas de Prata, un TP de Ouro, a Medalla de Honra do Círculo de Escritores Cinematográficos e un Grammy latino á excelencia musical.

Ana Belén recollerá o seu Premio Cineuropa nunha cerimonia que dará comezo ás 20 h. no Teatro Principal, á que asistirán Mercedes Rosón, concelleira de Acción Cultural, José Luis Losa, director do certame e outros membros da corporación municipal.

Programación

Esta segunda xornada da 36ª incluirá xa outras sesións de cinema no Teatro Principal, no Salón Teatro e nos Multicines Compostela, como *Mantícora*, a agardada nova película Carlos Vermut que se poderá ver ás 22:45 h. no Teatro Principal, ou *El caso Padilla*, de Pavel Giroud, un documental imprescindible con imaxes inéditas do soado caso protagonizado por Heberto Padilla en 1971, que supuxo a perda da inocencia da revolución cubana. O primeiro pase de *El caso Padilla* terá lugar ás 21:30 h. no Salón Teatro. Ás 18 h. temos unha cita ineludible co cinema galego da man de tres cineastas como son María Ruido (que asistirá para presentar *A revolución (é) probable*, Adriana Páramo, que presentará *Anatomía dunha serea*, e Xisela Franco, que visita o festival para conversar co público sobre *Margarita Ledo. Parolar cun eu*. O pase é gratuito previa retirada de convite na web Compostela Cultura. A información sobre estes e outras funcións que completan a xornada está na web cineuropa.gal.

PROGRAMACIÓN CINEUROPA SÁBADO 5 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

17.45 LIVING / VIVINDO, de Oliver Hermanus

20.00 PREMO CINEUROPA: ANA BELÉN + EL AMOR PERJUDICA SERIAMENTE LA SALUD, de Manuel Gómez Pereira

22.45 MANTÍCORA, de Carlos Vermut

SALÓN TEATRO

18.00 PROGRAMA 1. PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO + PRESENTACIÓN E COLOQUIO con María Ruido, Adriana Páramo e Xisela Franco

19.30 DELO / ARRESTO DOMICILIARIO, de Aleksey German Jr.

21.30 EL CASO PADILLA, de Pavel Giroud

MULTICINES COMPOSTELA

17.00 GENTLEMEN PREFER BLONDES / OS CABALEIROS PREFIREN AS LOIRAS, de Howard Hawks

19.00 SINGIN' IN THE RAIN / CANTANDO BAIXO A CHOIVA, de Stanley Donen e Gene Kelly

21.00 8 FEMMES / 8 MULLERES, de François Ozon

CINEUROPA - COMPOSTELA CULTURA

Comunicación: Míriam Louzao
981 552 290 | 618 948 576
comunicacion@cineuropa.gal
compostelacultura.gal
cineuropa.gal

AUDITORIO DE GALICIA
TEATRO PRINCIPAL
ZONA C. PUNTO DE
INFORMACIÓN CULTURAL





Premio Cineuropa 2022 – ANA BÉLÉN

Hai uns anos que un grupo de críticos de cinema da miña quinta –Imma Merino, Ángel Quintana– xogamos coa operación nostalxia de lembrar os tempos, as obras, as reparticións daqueles Estudio 1 da TVE do primeiros setenta. Un dos exercicios máis habituais é o de recitar o cásting de *Doce hombres sin piedad* coma se fose o Barça de Serrat, o de Basora, César, Kubala, Moreno e Manchón. Estes amigos sempre volven sobre a que consideran a mellor daquelas adaptacións dramáticas ou literarias: *La pequeña Dorrit*. E sobre Ana Belén. Está claro que a descubriron alí, naquel Dickens que dirixía Pilar Miró. Cada un de nós sabemos en que momento reparamos en que coñeceramos a unha actriz xerminal, a unha presenza que ía marcar varias décadas do cinema español. E tamén do teatro e daquela TVE, aínda da ditadura, que se dignificaba coa súa posta en escena de Dickens, de Thackeray, de O'Neill. Ana Belén non só foi a Pequena Dorrit. Tamén fixo naquel tempo un *Romeo e Julieta* ou unha *Antígona*. E sobre a escena, baixo a égida primeira de Miguel Narros tantas veces por ela recoñecida, fixo Calderón, Chejov, Lorca. E moito Eurípides. E moito Shakespeare. Agora xira cunha relectura de *Eva al desnudo* por Silvia Munt e, nun meses, poderémola ver en Compostela como Xulieta con José Luis Gómez como Romeo.

O meu descubrimento persoal de Ana Belén –volvendo á pantalla grande– foi en Españolas en París. Os planos finais, con esa muller emigrante e o seu fillo no colo, mentres se escoitan Palabras para Julia de José Agustín Goytisolo interpretada por Paco Ibáñez, foron o anuncio daquel cinema da apertura, a chamada terceira vía. En realidade, era unha superposición de música e imaxes que confrontaban con aquel aínda sanguinario tardofranquismo. O poema de Goytisolo, os ecos de resistencia de Ibáñez desde o Olympia. E Ana Belén, que ía ser un dos máis representativos rostros do eurocomunismo español, que quería asemellarse en hexemonía ao italiano.

Despois veu a educación sentimental dunha xeración en *El amor del capitán* Brando. E unha adaptación de Pérez Galdós, Tormento, anticipo do que veu coa lei Miró. Precisamente na ópera prima de Pilar Miró, *La petición*, o cinema español comezou a coñecer o fenómeno da película-escándalo. Un breve relato de Zola, unha relación sadomasoquista e Ana Belén facendo o amor cun home morto. As costuras do espírito do 12 de febreiro que se racharon porque Suárez xa estaba na Moncloa.

A significación política daquel tempo están presentes en La criatura, ese libérrimo exabrupto antifascista de Eloy de la Iglesia. E na máis críptica *Sonámbulos*. Con Gutiérrez Aragón repetiría Ana en *Demonios en el jardín*, que é xa unha emanación poderosísima do star-system español da década dos 80. Non existían aínda os Goya. Levaríalos absolutamente todos. Como anticipo de *La colmena*, que gañou o Oso de Ouro na Berlinale.

Nesa cima da súa carreira como actriz total, chega un período de cinema máis abertamente gozoso, onde cabe o asalto á zarzuela como musical de enredo en La corte del Faraón, ao vodevil en Sé infiel y no mires con quién e á comedia pura en *Miss Caribe* ou *Rosa Rosae*. Ou mesmo ao polar, en *Adiós, pequeña*. E tamén as adaptacións de Valle –*Divinas palabras*– ou de Lorca, en *La casa de Bernarda Alba*, con Mario Camus. De novo con Camus, *Despues del sueño* tira liña sobre as luces e sombras da Transición. E é obra necesitada de reivindicación e nova lectura.

Sen dúbida, os rexistros de Ana Belén eran idóneos para as partituras esquinadas do desexo do universo de Vicente Aranda. En *La pasión turca* –grande éxito– o que funcionaba mellor, por riba do traballo de encarga, era precisamente a súa interpretación. E en *Libertarias* habita unha desas tan escasas reivindicacións da muller na nosa guerra. A película que enmarca o noso tributo a Ana Belén é un exercicio de alta comedia –esa corda tan poucas veces afinada no noso cinema–, talvez un inspirado intento de elo perdido coas comedias do gran Edgard Neville.

CINEUROPA - COMPOSTELA CULTURA

Comunicación: Míriam Louzao
981 552 290 | 618 948 576
comunicacion@cineuropa.gal
compostelacultura.gal
cineuropa.gal

AUDITORIO DE GALICIA
TEATRO PRINCIPAL
ZONA C. PUNTO DE
INFORMACIÓN CULTURAL





Fernando Trueba, noutro dos seus actos de grande intuición, recuperou hai cinco anos a Ana para o elenco da súa secuela de *La niña de tus ojos*. Sobre esta película, La reina de España, caeron todos os tronos desa España mediática da caverna, que consideraba a Trueba mal patriota. E nesas estamos. Se cadra é de novo necesario –máis ca nunca– o retorno da Ana Belén engagé daqueles tempos, os días en que queríamos pensar que Santiago Carrillo era Enrico Berlinguer con menos pelo.

Texto por José Luis Losa.

CINEUROPA - COMPOSTELA CULTURA

Comunicación: Míriam Louzao
981 552 290 | 618 948 576
comunicacion@ceneuropa.gal
compostelacultura.gal
ceneuropa.gal

AUDITORIO DE GALICIA
TEATRO PRINCIPAL
ZONA C. PUNTO DE
INFORMACIÓN CULTURAL

